



**A POBRA  
DO CARAMIÑAL  
CONCELLO**

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO PARA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO “ASISTENCIA TÉCNICA NA XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO ESPAZO COWORKING DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL”. SERVIZO EXPTE. 1926/2024**

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D. José Carlos Vidal Suárez, alcalde.

**Secretario:** D. Vicente Pérez Millán, funcionario interino administrativo de Administración Xeral.

**Vogais:**

D. Adrián J. Márquez Caramés, secretario en réxime de acumulación. (Asiste telematicamente)

D. Faustino J. Villamor Iglesias, interventor titular municipal.

D. Emilio A. Caínzos Quintás, técnico de Administración Xeral.

Reunidos na alcaldía do Concello da Pobra do Caramiñal, o día 20 de agosto, ás dez horas, previa a súa convocatoria reúnense a mesa de contratación para a valoración definitiva do sobre B, que contén a documentación administrativa e a oferta suxeita a criterios de adxudicación availables mediante xuízos de valor, do PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO PARA A ADXUDICACIÓN DO SERVIZO “ASISTENCIA TÉCNICA NA XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO ESPAZO COWORKING DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL”, e apertura do sobre C, que contén a documentación relativa a criterios de adxudicación availables mediante fórmulas ou automáticos, e no seu caso, proposta de adxudicación.

O expediente de contratación aprobase pola resolución da alcaldía 2024-0684 do 12-07-2024, publicándose na Plataforma de Contratación do Sector Público na mesma data o anuncio de licitación xunto cos pregos de cláusulas administrativas e prescripcións técnicas e demais documentación preceptiva. En tempo e forma presentouse a empresa PROMOVE CONSULTORIA E FORMACIÓN SLNE, CIF B70184882, e na reunión da mesa de contratación celebrada o día 08-08-2024, acordouse o seguinte:

*“Compróbase que a documentación administrativa é conforme co establecido nos pregos de cláusulas administrativas, está rexistrado no Rrexistro Xeral de Contratistas de Galicia co nº: 4032, polo que procede admitila ao procedemento, e en relación ao sobre B, a mesa considera que a súa valoración deberá efectuarse por técnico competente do departamento correspondente ao servizo que se licita, así se acorda que o técnico de*





## A POBRA DO CARAMIÑAL CONCELLO

emprego local valore o contido do sobre B, criterios de adxudicación availables mediante un xuízo de valor, consonte ao establecido no PCA, cláusula 12, no prazo de sete días hábiles e remita á mesa a súa proposta de valoración.”

Realizada a valoración do sobre B polo técnico local de emprego na data de 13-08-2024 emite o seu informe o cal é do seguinte teor literal:

*Luís Miguel Domínguez García, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do concello da Pobra do Caramiñal, en relación co apartado 12. CRITERIOS DE VALORACIÓN E ADXUDICACIÓN A) Criterios availables mediante xuízos de valor do Prego de cláusulas administrativas (PCA) e coa CLÁUSULA 5. PLAN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO do Prego de prescripcións técnicas (PPT) Á vista de que só se presentou unha oferta.*

*Logo de ve-lo proxecto presentado por Promove, Consultoría e Formación S.L.N.E. e constatado que cumple cos requisitos esixidos no PPT, organizado nos apartados requiridos, presentado no formato obligatorio e que abarca a totalidade dos servizos e compromisos requiridos.*

A valoración dos criterios de adxudicación é a seguinte:

Puntuación Xestión máx 10 ptos	10
Dinamización máx 10 ptos	10
Persoal e medios máx 10 ptos	10
TOTAL	30

O que pon en coñecemento da Mesa de contratación para que produza os efectos oportunos.”

A mesa despois da deliberación acorda prestarlle a conformidade á valoración realizada do sobre B, e outorga as seguintes puntuacións:

Puntuación Xestión máx 10 ptos	10
Dinamización máx 10 ptos	10
Persoal e medios máx 10 ptos	10
TOTAL	30

De seguido procédese á apertura do sobre C, criterios de adxudicación availables mediante fórmulas ou automáticos, cláusula 12.B do PCA, a cal establece:

*“B) Criterios availables mediante a aplicación de fórmulas (máximo 70 puntos)*

1) oferta económica: Ata 40,00 puntos.





## A POBRA DO CARAMIÑAL CONCELLO

Valorarase a mellor oferta con 40,00 puntos e as demais ofertas mediante unha regra de tres inversa.

2) Melloras relacionadas co obxecto do contrato e prestación: Ata 30,00 puntos.

2.1) Aumento do número de horas de prestación semanal (mínimo 22 horas): Ata 10 puntos.

Por cada fracción de 0,50 horas de aumento ofertada: 2 puntos

2.2) Aumento do orzamento destinado pola organización de actividades (Contemplado no estudo de custes a contía mínima de 1.400 euros): Ata 10 puntos.

Por cada fracción de 300 euros de aumento ofertado: 2 puntos

2.3) Pola realización de campañas de comunicación nos medios e gastos de publicidade a cargo da adxudicataria: Ata 10 puntos.

Por cada fracción de 300 euros ofertados: 2 puntos."

PROMOVE CONSULTORIA E FORMACIÓN SLNE, CIF B70184882, presenta a seguinte proposta:

Oferta económica:

Importe: 22.450,00

IVE: 4.714,50

TOTAL: 27.164,50

Melloras:

Aumento do número de horas de prestación semanal: 2,5 horas

Aumento do orzamento destinado pola organización de actividades: 1.500 €

Pola realización de campañas de comunicación nos medios e gastos de publicidade a cargo da adxudicataria: 0

Consonte á cláusula 12.B correspónelle a seguinte puntuación:

1. Oferta económica: 40 puntos.

2. Melloras:

Aumento do número de horas de prestación semanal: 10 puntos

Aumento do orzamento destinado pola organización de actividades: 10 puntos





**A POBRA  
DO CARAMIÑAL  
CONCELLO**

Pola realización de campañas de comunicación nos medios e gastos de publicidade a cargo da adxudicataria: 0 puntos

Puntuación total, sobre C: 60 puntos

Polo que a puntuación que lle corresponde a PROMOVE CONSULTORIA E FORMACIÓN SLNE, CIF B70184882, é a seguinte:

SOBRE B:	30 puntos
SOBRE C:	60 puntos
TOTAL:	90 puntos.

Por todo o anterior a mesa de contratación acorda:

**Primeiro.-** Elevar a proposta de adxudicación do contrato de servizos “ASISTENCIA TÉCNICA NA XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO ESPAZO COWORKING DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL” a favor da oferta considerada como a que presenta a mellor relación calidade prezo, coa puntuación total de 90 puntos, que se corresponde coa presentada por PROMOVE CONSULTORIA E FORMACIÓN SLNE, CIF B70184882, co prezo ofertado de 22.450,00 euros, máis 4.714,50 euros de IVE, o que totaliza a contia de 27.164,50 euros, coas melloras de aumento do número de horas de prestación semanal de 2,5 horas e aumento do orzamento destinado pola organización de actividades polo importe de 1.500 € e con suxección á oferta presentada.

**Segundo.-** Requirir a PROMOVE CONSULTORIA E FORMACIÓN SLNE, CIF B70184882, para que presente no prazo improrrogable de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que tivera recibido o requerimento, a seguinte documentación:

- a) A documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) e c) do art. 140.1 LCSP, se non se presentara con anterioridade, tanto do licitador como daquelas outras empresas a cuxa capacidades se recorra, sen prexuízo do disposto no apartado 3 do citado artigo, e consonte ao establecido na cláusula 16 do PCA.
- b) De dispoñer efectivamente dos medios que se comprometera a adscribir á execución do contrato conforme ao art. 76.2 LCSP e cláusula 16 do PCA, cubrindo o modelo que consta na precitada cláusula.
- c) De constituir a garantía definitiva polo 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o Valor Engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 108 da LCSP e cláusula 16 PCA.
- d) Copia da póliza de seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior a 300.000 de euros e danos a terceiros, cunha compañía aseguradora legalmente constituída, segundo a cláusula 22 PCA.





**A POBRA  
DO CARAMIÑAL  
CONCELLO**

De non cumprimentarse adecuadamente o requerimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, actuándose segundo o disposto no art. 150.2 da LCSP.

**Terceiro.-** Publicar esta acta na Plataforma de Contratación do Sector Público.

O presidente da por rematada a reunión 10 horas e corenta e cinco minutos e, para que quede constancia do tratado, redáctase a acta por min o secretario, que someto á sinatura do presidente e dos vogais, e dou fe.

Na data da súa sinatura dixital

A mesa de contratación

